



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 88/2019

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA “CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL”

Na Coruña, a 15 de novembro de 2019.

REÚNENSE

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

EXPOÑEN

Por acordo plenario de data 28 e abril de 2017, aprobouse o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”.

En data 31 de maio de 2017 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”, e que se formalizou en documento administrativo número 67/2017.

A vixencia do convenio é dende a data da súa sinatura e ten unha duración de catro anos.

O 27 de febreiro do 2019, tivo lugar na Deputación da Coruña reunión ordinaria da Comisión de Seguemento do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da coruña e a Universidade da coruña para financiar a creación dunha “Cátdra de Dereito Local”.

Un dos temas analizados na comisión foi a tramitación das xustificacións de anos precedentes, e a necesidade de axilizar a xestión dos gastos relativos ás actividades realizadas.

Con data de 20 de setembro de 2019, entra no rexistro xeral da deputación escrito da UDC solicitando autorización de encargo obligatorio da xestión exonó-

mica da Cátedra de Dereito Local ao medio propio Fundación Universidade da Coruña.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecientes outorgan neste acto a presente Addenda de Colaboración, e acordan formalizar a mesma que modifica o convenio de colaboración 67/2017 no seguinte clausulado,

ACORDAN

PRIMEIRO. Subscrever esta addenda ao convenio de colaboración vixente, asinado o 31 de maio de 2017, para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”.

SEGUNDO. Modifícase a cláusula terceira do convenio, III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE, que queda redactada do seguinte xeito:

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima anual de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **100 %** do orzamento total.

2.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2017	0112/3269/45390	20.000
2018	0112/3269/45390	20.000
2019	0112/3269/45390	20.000
2020	0112/3269/45390	20.000

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advítese a **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

6.- Esta achega será monetaria á conta indicada pola Fundación Universidade da Coruña, medio propio e servizo técnico da UDC que terá a encomenda da xestión económica da Cátedra en bae a Encomenda de Xestión da UDC á FUAC segundo resolución reitoral do 1 de setembro de 2017 pola que se encomenda á Fundación da Universidade da Coruña a xestión económica de contratos de investigación (art. 83 LOU) e cátedras institucionais.

7.- Tras as achegas anuais, a Fundación emitirá os certificados de ingreso conforme ao disposto pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

TERCEIRO. Manter a redacción inicial en todo o seu contido do resto das cláusulas previstas no convenio asinado o 31 de maio de 2017, que serán de aplicación xunto con esta addenda.

CUARTO. Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.

Faise constar que a presente addenda foi aprobada por Acordo Plenario do día 25 de outubro de 2019.

Ao estaren conformes as dúas partes, asinan tres copias desta addenda no lugar e data indicados.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

**O REITOR DA UNIVERSADE DA
CORUÑA**

Asdo.: Julio E. Abalde Alonso

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. José Luis Almazán Supervía